


EMIGRA ZUÍIA

Vol.45-46
Xaneiro-December 2022



PROSA MÉDICA *et* BRUXAS E MEIGAS *et* MULLER E SEXUALIDADE (S.XVIII)
BPS VS. NACIONALISMO *et* EXILIO CRISTIÁNS *et* CASADO NIETO *et* PARDO BAZÁN
PRIMO DE RIVERA *et* RESISTENCIA ARMADA 1936 *et* ARTE NO ESPAZO PÚBLICO
DELGADO GURRIARÁN *et* MARTÍNEZ PEREDA *et* MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

MURGUIA

Vol.45-46
Xaneiro-December 2022

Fontes

Para a historia da prosa médica na Galiza medieval: unha receita en galego do século XV no arquivo da Real Chancillería de Valladolid
Ricardo Pichel e Rodrigo Pousa Diéguez

A bruxa e a meiga: Sincretismo de dúas realidades no s. XVII. As confesións dunha «bruxa» de Pazos de Arenteiro baixo tormento
Rodrigo Pousa Diéguez

Cinco «espontáneas» lucenses: achegas á muller, sexualidade e violencia na Galicia interior (s. XVIII)
Miguel García-Fernández
e Pablo S. Otero Piñeyro Maseda

O nacionalismo galego dentro do furacán. Vixilancia e control da Brigada Político-Social
Francisco Xavier Redondo Abal

Investigación

O exilio dos cristiáns novos en Galicia. O exemplo da familia de Francisco Sánchez
Susó Vila

Agrarismo, republicanismo e combate anticaciquil no Castro Caldelas anterior ao «Bienio Negro» a través da figura de Manuel Casado Nieto
Emilio Xosé Insua

«¿Ha visto usted cosa más injusta que la igualdad?» Traxectoria ideolóxica de Emilia Pardo Bazán
Xosé A. Fraga Vázquez

Subida ao poder e caída de Miguel Primo de Rivera e apuntamentos sobre a relación coa intelectualidade galega do momento (I)
M^a Aurora Pérez-Carro y Fole

A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)
Eliseo Fernández e Dionísio Pereira

Arte no espazo público, autoxestión e políticas culturais galegas de 1970 a 1990
Jorge Viz González

Lembranzas

Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987), a lembranza indelével do exilio
Prudencio Viveiro Mogo

A Entrevista

Lucio Martínez Pereda

Museos, Arquivos, Bibliotecas e Lugares

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Lecturas

O reino medieval de Galicia. Crónica dunha desmemoria

Guía para o estudo da prosa galega medieval

Domingo de Andrade. A invención do barroco

The Bronze Lie. Shattering the myth of spartan warrior supremacy

A Rede

O patrimonio documental galego na rede (II): de Ribadeo a Zaragoza, pasando polo Saviñao
- O Arquivo Municipal de Ribadeo
- O Arquivo da Torre-forte da Candaira (O Saviñao)
- Fondos galegos no Arquivo Histórico Provincial de Zaragoza

Revisión lingüística

Miguel García-Fernández (Galego)
Cameron Watson (Inglés)

Deseño base, maquetaxe e impresión

Sacauntos Cooperativa
www.sacauntos.com

Publicidade e contacto

secretaria.editorial@revistamurguia.com

Distribución

Consortio Editorial Galego

Edita

Instituto Galego de Historia (IGALHIS)
www.revistamurguia.com

Recepción de orixinais e subscricións

Murguía, Revista Galega de Historia
Apartado de Correos 1.010
15.706 Compostela (Galiza)
secretaria.editorial@revistamurguia.com

ISSN

1696-9197

Depósito Legal

C-1640-2003

Indexada en

BASE DE DATOS
ISOC 

latindex

MIAR

Murguía, Revista Galega de Historia garante a rigorosa lectura, análise e selección de orixinais, revisados polo sistema de 'pares cegos'; con todo, non comparte necesariamente o contido dos textos asinados polos seus autores e/ou autoras. *Murguía, Revista Galega de Historia* sae do prelo nos meses de xuño e decembro.

Índice

EDITORIAL	7	
FONTES	13	<i>Para a historia da prosa médica na Galiza medieval: unha receita en galego do século XV no arquivo da Real Chancillería de Valladolid</i> Ricardo Pichel e Rodrigo Pousa Diéguez
	27	<i>A bruxa e a meiga: Sincretismo de dúas realidades no s. XVII. As confesións dunha «bruxa» de Pazos de Arenteiro baixo tormento</i> Rodrigo Pousa Diéguez
	57	<i>Cinco «espontáneas» lucenses: achegas á muller, sexualidade e violencia na Galicia interior (s. XVIII)</i> Miguel García-Fernández e Pablo S. Otero Piñeyro Maseda
	79	<i>O nacionalismo galego dentro do furacán. Vixilancia e control da Brigada Político-Social</i> Francisco Xavier Redondo Abal
INVESTIGACIÓN	91	<i>O exilio dos cristiáns novos en Galicia. O exemplo da familia de Francisco Sánchez Suso Vila</i>
	115	<i>Agrarismo, republicanismo e combate anticaciquil no Castro Caldelas anterior ao «Bienio Negro» a través da figura de Manuel Casado Nieto</i> Emilio Xosé Ínsua
	145	<i>«¿Ha visto usted cosa más injusta que la igualdad?» Traxectoria ideolóxica de Emilia Pardo Bazán</i> Xosé A. Fraga Vázquez
	171	<i>Subida ao poder e caída de Miguel Primo de Rivera e apuntamentos sobre a relación coa intelectualidade galega do momento (I)</i> M ^a Aurora Pérez-Carro y Fole

	197	<i>A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)</i> Eliseo Fernández e Dionísio Pereira
	243	<i>Arte no espazo público, autoxestión e políticas culturais galegas de 1970 a 1990</i> Jorge Viz González
LEMBRANZAS	265	<i>Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987), a lembranza indelével do exilio</i> Prudencio Viveiro Mogo
A ENTREVISTA	277	Lucio Martínez Pereda
MUSEOS, ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E LUGARES	285	Museo das Peregrinacións e de Santiago
LECTURAS	291	<i>O reino medieval de Galicia. Crónica dunha desmemoria.</i>
	295	<i>Guía para o estudo da prosa galega medieval</i>
	299	<i>Domingo de Andrade. A invención do barroco</i>
	302	<i>The Bronze Lie. Shattering the myth of spartan warrior supremacy</i>
A REDE	307	O patrimonio documental galego na rede (II): de Ribadeo a Zaragoza, pasando polo Saviñao
	309	O Arquivo Municipal de Ribadeo
	311	O Arquivo da Torre-forte da Candaira (O Saviñao)
	314	Fondos galegos no Archivo Histórico Provincial de Zaragoza

Editorial

En calquera etapa histórica convén ser conscientes de que nada coñecido e existente debe darse por definitivo e inmutábel (nada é existente *in aeternum*). Cuestión que debe ser tida presente en particular no mundo da Globalización no que nos achamos, no que os ciclos cada vez son máis curtos e no que os cambios que operan a nivel mundial preséntanse cada vez máis convulsos, a partir de fortes crises sistémicas. Cando aínda a pandemia derivada da irrupción da COVID-19 seguía (e segue) acompañándonos, estalou a Guerra ruso-ucraína. Un conflito bélico con ramificacións internacionais e que dun modo ou doutro se veu xestando desde 2014, na etapa máis cercana aos nosos días, a partir da Guerra librada no Donbás.

Após a II Guerra Mundial (1936-1945) e a Guerra dos Balcáns (1991-2001), con setenta millóns de mortes, no primeiro caso, e cento trinta mil mortos e mortas, no segundo caso -e para alén doutros conflitos armados de menor alcance-, a guerra ruso-ucraína volve presentar en territorio europeo un fantasma que deberíamos dar por superado. Mais a realidade é que xa son 300 días os que se prolonga esta guerra diante deste final do presente ano 2022 e non parece ter esta guerra un fin cercano. Infelizmente as relacións internacionais e a diplomacia, en favor dunha saída inmediata e pacífica, non parecen ser a prioridade neste conflito, que seguramente se prolongará ao longo de 2023 con resultados absolutamente catastróficos.

Cinco «espontáneas» lucenses: achegas á muller, sexualidade e violencia na Galicia interior (s. XVIII)

Miguel García-Fernández¹
e Pablo S. Otero Piñeyro Maseda^{2, 3}

Síntese: O obxectivo deste traballo é publicar cinco documentos de «espontaneos» –ou «espontáneas»– da primeira metade do século XVIII, localizados no Arquivo do Museo Provincial de Lugo. Trátase de fontes de grande interese para o estudo das mulleres e da sexualidade extraconxugal na Galicia do Antigo Réxime, nos que cinco mulleres solteiras confirman ante as autoridades os seus embarazos, froito, segundo as declarantes, da violencia sexual infrinxida por tres homes descoñecidos e por un home casado co que traballaba unha delas, e noutro caso pola relación sexual consentida cun home ao servizo dun boticario.

Palabras chave: Espontáneas, mulleres, sexualidade, violencia, Galicia, século XVIII.

Abstract: The aim of this paper is to publish five «espontaneos» –or «espontáneas»–, from the first half of the 18th century, documents located in the Arquivo do Museo Provincial de Lugo. These are sources of great interest for the study of women and extra-marital sexuality in Galicia during the Ancient Regime, in which five women confirm before the authorities their pregnancies, as a result of the sexual violence inflicted by three unknown men and by a married man, the boss of one of them, and, in another case, for a consensual sexual relationship with a man who worked for an apothecary, according to the declarants.

Keywords: Espontáneas, women, sexuality, violence, Galicia, 18th Century.

¹ Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia).

² Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia).

³ Os autores agradecen a Blanca Pacín Somoza, Aurelia Balseiro García e moi especialmente a M.^a Be-goña Fernández García as facilidades ofrecidas para a consulta da documentación transcrita e manexada neste artigo, procedente da Biblioteca e Arquivo do Museo Provincial de Lugo.

No marco dos estudos recentes sobre a historia das mulleres galegas durante o Antigo Réxime e o século XIX, o caso das «espontáneas» ou «espontaneadas», mulleres que declararon -voluntariamente ou impelidas polas autoridades- os seus embarazos froito de relacións extraconxugais co propósito de conseguir o «perdón» como premio pola súa franqueza⁴, constitúe un tema ao que só se lle comezou a prestar atención específica en tempos recentes, contando aínda con poucos traballos centrados en analizar e contextualizar con precisión o fenómeno e a documentación xerada, a pesar da relativa abundancia destes documentos⁵. Neste sentido, xunto ás breves consideracións recollidas sobre esta práctica por autoras como Serrana Rial no marco dos estudos sobre a historia das mulleres e as relacións de xénero na Galicia moderna⁶, e por algúns outros modernistas en diversos estudos sobre a demografía e a sociedade galega do Antigo Réxime⁷, nos últimos anos saíron á luz varios casos de mulleres espontaneadas localizadas en diferentes espazos da xeografía galega, que foron abordados con maior atención ou, cando menos, de forma específica. No 2016 o primeiro autor destas páxinas deu a coñecer o caso das espontáneas de San Xoán de Río⁸, que até o momento constitúen os únicos expedientes deste tipo localizados na provincia de Ourense. Un ano despois, no 2017, Ana M.^a Romero Masiá estudou con detemento os numerosos casos da Coruña e Ferrol⁹. Para o ámbito lucense, no 2018 Tamara González López recuperou e analizou un caso das terras do Asma¹⁰ e, a finais do 2021, foi premiado un estudo de Ángel Arcay Barral sobre as es-

⁴ Con estas declaracións as mulleres querían «evitar o desterro ou outras consecuencias legais por mor do escándalo público que se consideraba» (González López 2018: 184), en consecuencia, obter unha «acreditación de tal acto para que «por la Justicia de su territorio no se la moleste ni persiga» (Varela González 2009: 233), o que se confirma no primeiro dos casos que aquí se publican, no cal a muller espontaneada declara o seu embarazo ante o meriño e alcalde maior de Lugo para que este «se sirba ha sentenciarme beninamente y mandar que por esta causa otro señor juez, sus menistros ni señorías no precedan contra mí ni personas que me tubieren en casa» (vid. doc. 1).

⁵ Para unha definición do proceso de espontanearse e os expedientes chamados «de espontanía», «espontáneas» ou «espontaneos», véxase Romero Masiá 2017: 9-18.

⁶ Véxase especialmente Rial García (1999), onde, xunto a outras fontes sobre o asunto, é editado un caso pontevedrés (p. 364), ou Rial García (2004: 310-311). Repítese máis ou menos nos mesmos termos o dito por Serrana Rial García nas sínteses sobre as mulleres na Galicia moderna publicadas por Ofelia Rey Castelao xunto a esta autora (2009: 237; 2010: 33), obras ás que remitimos para unha contextualización máis ampla sobre a realidade histórica feminina do momento. Para o século XIX véxase tamén algunha referencia puntual en autoras como Isaura Varela González (2009: 233).

⁷ Con breves mencións ao tema véxanse traballos como Dubert García 1992: 41; Ofelia Rey, 1994: 63; Pegerto Saavedra, 1994: 188, 258-270 ou Sobrado Correa 2001: 459, entre outros.

⁸ García-Fernández 2016. Posteriormente profundou no tema en García-Fernández [2018] e García-Fernández 2018-2019.

⁹ Cómpre destacar neste sentido a importante concentración de mulleres soas e pobres nas cidades galegas do período preindustrial, o que deu lugar a situacións de marxinalidade e ao exercicio da prostitución, mais que tamén podería explicar unha maior presenza de casos de espontaneadas nestas áreas (Rial García 2004: 310-311).

pontáneas das comarcas do Eume e Ferrol, onde localiza máis de medio millar de casos, confirmando a abundancia de espontaneos no Noroeste de Galicia¹¹. Neste sentido, cabe preguntarse se é unha realidade diferencial ou se esta sobrerrepresentación galega é explicable pola ausencia de investigacións sistemáticas noutras áreas xeográficas. Sexa como for, a edición íntegra destes expedientes redúcese até o de agora a só unhas poucas publicacións (Rial García 1999: 364¹²; Romero Masiá 2017: 65-76¹³; García-Fernández 2018-2019¹⁴; González López 2018: 191-192¹⁵), a pesar da gran potencialidade que presentan de cara a achegármolos ás historias das mulleres declarantes, máis alá das similitudes ou reiteracións que presenta en si mesmo o modelo documental expedido a modo de «espontánea» (Arcay Barral 2021: 9-11). Polo tanto, cómpre advertir da pertinencia dun proxecto de edición máis amplo e sistemático e tamén da necesidade de dar a coñecer os novos casos que, grazas a novas investigacións arquivísticas, vaian aparecendo para o conxunto do territorio galego, no que semella que abundaban os casos. En palabras de Vizcaíno Pérez «son demasiado frecuentes en este Reyno de Galicia las causas que en él llaman de Espontáneas, desconocidas en otras provincias, pero no en nuestro Derecho»¹⁶. Por suposto, isto non quere dicir que noutros territorios as taxas de ilexitimidade non foran igualmente importantes ou que no conxunto do territorio galego este fenómeno fora unha realidade demográfica homoxénea (González López 2018: 184). En todo caso, o obxectivo do presente traballo non é analizar esta práctica e o seu contexto¹⁷, senón simplemente dar a coñecer cinco casos localizados no Arquivo

¹⁰ Con anterioridade, Pegerto Saavedra (1985: 131) empregou nas súas investigacións algúns outros documentos de espontáneas lucenses ao estudar o tema dos fillos ilexítimos e expósitos na provincia de Mondoñedo. En concreto fai referencia a que «la moza soltera que se encontraba embarazada debía acudir al juez de su circunscripción o al alcalde mayor de Mondoñedo a delatarse o 'espontanearse', de lo que hay amplia constancia en los protocolos y en el AMM [Archivo Municipal de Mondoñedo], en donde se conserva un legajo de 'espontáneas' con 43 declaraciones de fines de XVIII (casi todas son jornaleras, criadas, 'ambulantes'...).» Tamén Sobrado Correa (2001: 459) refire o caso das espontáneas, anotando un exemplo de 1817 de Catalina Nadela, veciña de Vilalle.

¹¹ Agradecemos especialmente a Ángel Arcay que nos facilitara unha copia do seu traballo aínda inédito.

¹² Un caso de 1796 na vila de Valadares (Vigo, Pontevedra).

¹³ Catro casos, dos 356 analizados para Coruña e Ferrol na segunda metade do século XVIII. Unha edición parcial do caso de Narcisca Loureiro, veciña de Santa María de Soutullo, de 1819 en Varela González 2009: 133.

¹⁴ Vinte casos de diferentes lugares do concello de San Xoán de Río datados entre 1847 e 1852. Catro deles foron previamente editados en García-Fernández [2018].

¹⁵ Un caso de 1700 en Burgás (Santa Cruz de Viana, Chantada, Lugo).

¹⁶ Citado por Romero Masiá 2017: 9.

¹⁷ Para o estudo dos comportamentos sexuais premaritais na Galicia do Antigo Réxime, segue sendo referencia obrigada Dubert 1991, onde, de todos modos, non se presta unha atención específica ás espontáneas a pesar de referir o uso de «escrituras de «expontánea» entre as fontes consultadas nos Protocolos Notariais do Arquivo Histórico Universitario de Santiago, nos que advirte só ter localizado 105 minutas, de entre as 4585 consultadas, con información sobre a sexualidade prematrimonial: «fundamentalmente

do Museo Provincial de Lugo, entre os papeis do escribán Inocencio Varela, no marco das tarefas heurísticas desenvolvidas no seo do proxecto *La casa señorial gallega (siglos XIII-XVI). Materiales para su estudio*¹⁸. Pretendemos contribuír así á iniciativa de recuperar, editar e estudar estas fontes que, máis alá de ser interpretadas exclusivamente como exemplo das iniciativas de control e represión dunha sexualidade feminina que as podía levar a situarse na marxinalidade (Rial García 2004; Varela González 2009), tamén están sendo analizadas nos últimos anos como evidencia dunha vida sexual extraconxugal máis ampla e heteroxénea que incluía a libre práctica da mesma por vontade propia (García-Fernández 2016, [2018], 2018-2019; Romero Masiá 2017: 78), ás veces co obxectivo práctico de paliar as consecuencias negativas da solteiría feminina con fillos que as amparasen na vellez (Rey Castelao e Rial García 2010: 52).

Xunto ao que nos din as propias «espontáneas», cómpre sinalar que algúns coetáneos tamén fixeron referencia a esta realidade. Foi o caso de Francisco Somoza de Monsoriu (1775: 131-133) na súa obra *Estorvos, i Remedios de la Riqueza de Galicia*, quen afirma que:

*«en Galicia las mugeres solteras tienen obligacion de parecer ante las Justicias a espontanearse de sus fragilidades. En otras Provincias, i Naciones se observa lo mismo. Esta legal costumbre lleva por objeto la precisa conservacion de el fruto, porque afianzan de su seguro con otro labrador que las acompaña. Si no practican esta diligencia, los Mayordomos de sus pueblos las siguen, i delatan a los jueces. Muchas de estas mugeres, para no hacer públicos sus deslices, o porque les faltan los haveres para las comunes gratificaciones, emprenden la tragedia más detestable. Algunas se hacen abortar con artificio; otras dejan los hijos en las calles, i montes*¹⁹. *Las que se delatan dan padres supuestos a los partos regularmente, lo que ocasiona varios litigios. Todo es agrávio de la poblacion, i la especie. El Autor de el Comercio de Europa propone algun otro remedio para este perjuicio: quiere casas privadas i secretas,*

apartamentos, poderes y escrituras de «expontánea», es decir, un 2,2%» (Id.: 120).

¹⁸ Estas descubertas confirman o feito de que os fondos dos arquivos señoriais ou familiares son extraordinariamente polivalentes e, lonxe de documentar en exclusiva o devir de liñaxes ou persoas poderosas, poden ser considerados como verdadeiros arquivos sociais, con referencias documentais a todos os extractos sociais, desde os máis humildes aos poderosos. Son arquivos complexos e heteroxéneos que, ás veces, só os iguala a clasificación que se lles dá: fondos familiares ou similares. O proxecto citado (HAR2017-82480-P) foi financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, a Agencia Estatal de Investigación (AEI) e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (Programa Estatal de Fomento de la Investigación Científica y Técnica de Excelencia. Subprograma Estatal de Generación de Conocimiento), sendo investigador principal do mesmo o segundo dos asinantes.

¹⁹ Sobre a ilexitimidade e o abandono de fillos en institucións eclesíásticas e hospicios, onde as mulleres desempeñaban unha importante actividade laboral, véxase, por exemplo, Rey Castelao e Rial García 2009: 47-51; 141-142; Rey Castelao e Rial García 2010: 53-54, 89-90.

donde puedan parir estas infelices con seguridad, i sin descredito. Yo contemplaba que las Espontaneas ante las justicias debieran extinguirse, i que los mismos párrocos, velando celosos en este punto, pudieron disponer se entregasen a la direccion de alguna persona forastera, que saliesen de su ahora con prosperidad, i silencio. Es cierto que los curas gastarían algo; pero son mui nobles iguales dispendios».

Este interesante fragmento dun contemporáneo, non só confirma a práctica dos espontaneos, senón que tamén aporta datos de interese sobre esta realidade social e propón as posibles solucións ou actuacións ante a mesma. De todos modos, sabemos que anos despois de que se publicaran estas palabras as altas taxas de ilexitimidade e os espontaneos non só continuaban en Galicia senón que parecen terse incrementado a finais do século XVIII e xa entrado o século XIX, especialmente en áreas como a Galicia interior²⁰. A idea é que hai que ser conscientes de que, ao redor destas realidades, conxúganse factores de moi diversa índole e condición, que son necesarios para unha correcta interpretación (ou interpretacións) do fenómeno. Só futuras investigacións poderán ofrecer unha imaxe máis concreta do fenómeno e clarificar tamén a maior ou menor especificidade desta práctica xurídica nas diferentes realidades socio-económicas que se detectan no conxunto do territorio galego e incluso noutros ámbitos xeográficos.

As cinco «espontáneas» ou «espontaneos» que se editan a continuación sitúanse cronoloxicamente nos anos 1717, 1738 e 1739, un marco temporal temperán no que, no estado actual das investigacións, parece que non abundaban tanto os exemplos conservados, sobre todo se establecemos unha comparación coa realidade documental da segunda metade do século XVIII e a primeira do século XIX. Xeograficamente, os cinco correspóndense co ámbito lucense: o caso máis antigo, así como o máis recente (docs. 1 e 5) sitúanse na cidade de Lugo, afectando a veciñas desta cidade; no segundo trátase dunha veciña da freguesía e couto de San Martiño de Ombreiro, sucedendo os feitos na freguesía de San Xiao de Vilachá; no terceiro a implicada é unha veciña do couto de Vilavite (Lugo) e os sucesos ocorreron no monte Soñar —aínda que o meiriño e xustiza ordinaria do couto actúa «estando en esta ciudad de Lugo»—; e no cuarto caso a espontaneada é unha moza natural da freguesía de San Pedro de Pígara (Guitiriz), mais residente en Lugo desde había uns meses. Unha primeira análise dos casos permítenos comprobar que as cinco es-

²⁰ Un estudo sobre a ilexitimidade na Galicia interior e a seu proceso ascendente a partir de 1770-1780 en Dubert 2015.

pontáneas presentan algunhas características comúns. En primeiro lugar, as cinco eran mozas solteiras²¹. No caso das tres primeiras, Dominga Rodríguez, María González e Juana María Fernández, son presentadas, ademais, como fillas lexítimas dos seus proxenitores. Non obstante, no caso de María González só se nomea o pai, Pedro das Latas, do que se di que era «pobre y corto de medios». Nada se indica respecto de Lucía González ou de Rosa Catalina Vázquez; iso si, desta última aclárase que era «donzella, onesta y recojida en la casa de mis padres» no momento previo a ser vítima dunha violación. En ningún caso, por outra parte, aparece a sinatura feminina no marco destes procesos, tampouco «a ruego», como consta noutros expedientes de espontaneo (Arcay Barral 2021: 31-32).

No que respecta aos relatos dos feitos, tres mulleres atribúen rotundamente a súa preñez á violencia sexual, é dicir, relatan tres violacións causadas por descoñecidos. As declarantes insisten na súa exposición na violencia e no abuso padecidos, e incluso nas voces que lanzaron no marco duns episodios que se concretan con brevidade pero de forma expresiva. Dominga Rodríguez sinala que «saliendo una noche a buscar agua a la fuente de San Pedro, encontré con un ombre enboçado que no conoçí, el qual me agarró amenaçándome y desafiándome me abía de matar si con él no tenía cúpula y, con efecto, me agarró y echó en el suelo teniéndola conmigo». No caso de Juana María Fernández, a violación tamén tería lugar fóra, sendo asaltada por un descoñecido «pasando de dicho coto [de Vilalvite] para esta ciudad [Lugo], haberá quatro meses, encontré en el monte llamado de Soñar un hombre que no conoçí ni conozco ni pude saver su nombre, apellido ni vezindad, el qual por fuerza y contra toda mi boluntad conmigo tubo cópula y, aunque lo resistí y di algunas bozes, no pude ser socorrida por allarense mui distantes los lugares». Finalmente, tamén Rosa Catalina Vázquez evoca a noite e unha saída á «feria nueva del Barrazoso» (San Xiao de Gaibor, Begonte) como momento no que tiveron lugar os feitos: «al salir del puerto llamado de Casa Moriño, encontré con un onbre que no conoçí y este por fuerza y contra mi boluntad conmigo tubo cópula; y aunque quise dar boces para ser socorrida, me lo embarazó con un lienzo que me puso en la boca». A estes casos de violencia sexual habería que engadir o relato de María González, quen sinala a súa relación de traballo con Juan López de Bandelo en diferentes momentos, atribuíndo a súa preñez a unha ocasión na que, estando na casa do cuñado de Juan, chamado Alonso Fariñas, na freguesía de San

²¹ Sobre a idade concreta destas mulleres nada se di. Algo que tamén sucede noutros casos, nos que incluso se di que «das pocas veces que aparece tampoco suele hacerlo con demasiada exactitud» (Arcay Barral 2021: 20).

Xiao de Vilachá, o citado Juan, que estaba casado con Antonia Fariñas, «dio connigo en la cama donde me allava en la mesma casa de dicho su cuñado y, con alagos y tapándome la boca de manera que no pudiese hablar ni dar bozes, executó en mí trato ylízito de cópula y exceso carnal», declara a espontaneada. Estamos ante un relato, xunto cos anteriores, moi diferentes do que presenta Lucía González, quen recoñece estar embarazada de Amaro Rodríguez, solteiro, tras ser «solicitada» por el para que «con él tuviese cópula, y, movida de la fragilidad humana, condescendí». É o único caso no que se observa con claridade o pleno consentimento sexual dunha destas mulleres á hora de manter esas relacións extraconxugais das que derivaron os seus embarazos. Ademais, neste caso non se evocan nin falsas promesas de matrimonio nin ningún outro condicionante. A muller recoñece ter consentido sen outra argumentación que pola «fraxilidade humana».

En todo caso, todas estas mulleres acordan dar conta das «criatura[s] que Dios» lles dese, comprometéndose a non abortar ou abandonalas —«echarla[s] a expósita»—, e a vivir honradamente e sen dar pé a escándalos e murmuracións. O que non consta, como sucede noutros casos galegos, é a elección de fiadores que garantisen a vida honesta que debería seguir a muller espontaneada a partir de entón e que a vixiasen para que non «malograse» o froito do seu ventre²². Finalmente, cómpre destacar que, aínda que no primeiro caso a «espontaneada» debe pagar 68 maravedís, o resto non son condenadas a ningún tipo de multa e, en definitiva, quedan libres e protexidas de que «ninguna justicia le[s] prozese ni moleste». Iso si, cómpre advertir que no caso de María González, a espontaneada que declara ter quedado embarazada do home casado para o que traballaba, o meiriño e xustiza ordinaria do couto e xurisdición de Ombreiro, aclara desde Lugo que lle dá «lizenzia para que se retire a su casa y que en ella le recoxa Pedro das Latas, su padre», mais non deixa de advertir que actúa «sin perjuicio de proceder a lo que aya lugar contra Juan López de Bando» e «así mesmo contra esta parte después que se alle libre del preñazgo». De feito, tras o documento da espontánea, incorpóranse outros documentos do escribán Inocencio Varela relacionados con este caso no que o xuíz

²² Só nos espontaneos de María González e Juana María Fernández son nomeados os proxenitores, pero non tanto como fiadores, senón como persoas que as terían na súa casa e que non deberían ser molestadas pola xustiza. No caso de María trátase de seu pai Pedro das Latas e no de Juana María, a nai, María Antonia Fernández (vid. docs. 2 e 3). Tampouco é nomeado ningún fiador no caso da espontánea de 1700 publicada por Tamara González López (2018: 190-192), aínda que abundan noutros casos (Romero Masía 2017: 61-64, Arcay Barral 2021: 25-26) e constan sempre nos de San Xoán de Río do século XIX (García-Fernández 2018-2019: 296-298). Talvez a consolidación dunha moralidade cada máis restrictiva cara a sexualidade feminina influíse na consolidación desta figura.

Domingo Vázquez García encarga unha investigación sobre os feitos, sen deixar de ver no cárcere do couto un lugar no que deixar tanto a Juan López de Bandelo «para que experimente el castigo correspondiente y le sirva de tal, y a otros de exenplar», e, «allándose libre del preñazgo la dicha María González, executar con ella lo mesmo».

Leamos, pois, o que nos din exactamente estes documentos de «espontáneas» que, dalgún modo, serven para achegármonos ás voces e relatos de cinco mulleres lucenses do século XVIII. Para algúns autores, como Hortensio Sobrado Correa (2001: 459): «muchas espontáneas se convierten en relatos de carácter pintoresco y dudosa veracidad, que achacan la causa del embarazo a la violencia sexual de algún desconocido». Certamente, resulta difícil contrastar e confirmar os feitos declarados en cada un dos casos documentados. De todos modos, é importante insistir en que non todas as espontáneas fan referencia a embarazos froito de violacións ou derivados de manter relacións sexuais consentidas só pola existencia de enganos con motivo de falsas promesas de matrimonio²³. O recoñecemento de relacións sexuais consentidas polo simple feito de querer desfrutar delas en moitos outros casos, entre eles o de Lucía Gonzalez nos aquí editados (doc. 5), evidencia que o feito de «espontanearse» non obrigaba, en si mesmo, a xustificar os embarazos en violencias sexuais ou en enganos para obter a benignidade das institucións. Neste sentido, cómpre destacar que «a aldea ou a veciñanza non dramatizaba en exceso unha falta desta índole, máis ben ó contrario, era un fenómeno social e cultural bastante aceptado» e incluso «moitas mulleres, perdidas as esperanzas de contraer matrimonio, buscaron no fillo ilexítimo unha garantía asistencial para a súa vellez» (Rial García 1999: 360).

